

- Exercicios prácticos.
- Interpretación de pictogramas e etiquetas de praguicidas.
- Boas prácticas de almacenamento de praguicidas.

20.15-21.15 horas: avaliación tipo test.

10. Certificado de superación do curso:

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Finalizado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polos alumnos e en caso de superalas expedirá o certificado correspondente co que poderá solicitar á Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade, o carné de aplicador/manipulador de biocidas, nivel básico.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009.

Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Saúde Pública e Planificación

### ANEXO I

#### Ficha de solicitude de inscrición Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de produtos biocidas. Nivel básico

Entidade organizadora: *Sanea Control, S.L.*

Datas: os días 14, 15, 16 e 17 de decembro de 2009.

Lugar de realización do curso: Sindicato Labrego Galego. Travesía de Sousa, 20. 32600 Verín (Ourense).

Duración: 20 horas teórico-prácticas e 1 hora de avaliación.

Horario: de 16.00-21.15 horas.

Nº de prazas: 15 alumnos.

Presentación de solicitudes: enviarase a ficha de inscrición xunto cunha copia do DNI, fotografía tamaño carné e xustificante de pagamento a *Sanea Control, S.L.*, avda. da Mahía 106, baixo, Bertamiráns-Ames, 15220 A Coruña. Teléfono: 981 88 69 24/639 60 63 81. Fax: 881 24 29 45, correo electrónico [saneacontrol@yahoo.es](mailto:saneacontrol@yahoo.es). Criterio de selección: por rigorosa orde de recepción da solicitude.

NOME:		APELLIDOS:	
CARGO/ACTIVIDADE DESEMPEÑADA:			
EMPRESA:		SECTOR ACTIVIDADE:	
ENDEREZO:			CP:
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:	

### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 17 de novembro de 2009 pola que se modifican as ordes do 23 de febreiro de 2009, do 8 de febreiro de 2008 e do 19 de febreiro de 2007, polas que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.*

As ordes do 23 de febreiro de 2009 (DOG do 4 de marzo), do 8 de febreiro de 2008 (DOG do 22 de febreiro) e do 19 de febreiro de 2007 (DOG do 2 de marzo), polas que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos

sociais e se procede á súa convocatoria, establecen que o pagamento e xustificación das subvencións de investimento se aboarán unha vez presentada a documentación xustificativa ante os servizos centrais ou periféricos da consellería competente en materia de benestar.

Sendo que as entidades beneficiarias, de iniciativa social, non dispoñen de financiamento para facer fronte aos pagamentos derivados da realización dos investimentos subvencionados, para a realización de proxectos de investimento en centros e servizos de atención ás persoas con discapacidade, prevese a necesidade de que estas entidades puidesen contar con financiamento previo, derivado de pagamentos anticipados.

A necesidade de financiamento previo, á parte de afectar as subvencións de capital concedidas ao abeiro da Orde do 23 de febreiro de 2009, afecta

tamén os pagamentos parciais do exercicio 2009 e futuros das subvencións concedidas con carácter plurianual ao abeiro das ordes do 19 de febreiro de 2007 (DOG do 2 de marzo) e do 8 de febreiro de 2008 (DOG do 22 de febreiro). A modificación que se propón refírese ao artigo 17.2º.2 da Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria e o artigo 17.2º.2 da Orde do 19 de febreiro de 2007 (DOG do 2 de marzo).

O artigo 63.1º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permite a realización de pagamentos anticipados, nas subvencións de capital, de ata un 50% da subvención concedida, cando o investimento exixa pagamentos inmediatos, sen que se supere a anualidade prevista no exercicio.

Por outra banda, estímase que é necesaria a modificación do artigo 17 da Orde do 23 de febreiro de 2009, engadindo un parágrafo ao final do punto 2, de xeito que a xustificación das subvencións de investimento en centros e servizos para persoas con discapacidade, con cargo á aplicación orzamentaria 2009.05.41.312E.781.0, poderá presentarse ata o día 10 de decembro do ano 2009; igualmente os beneficiarios das subvencións de carácter plurianual, para adquisición, construción reforma, rehabilitación e equipamento de centros de atención a persoas con discapacidade, concedidas ao abeiro das ordes do 19 de febreiro de 2007 e do 8 de febreiro de 2008.

Polo exposto e en uso das facultades que me foron concedidas

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Modificación do artigo 17.2º.2 relativo ao pagamento e xustificación das subvencións reguladas polas Ordes do 23 de febreiro de 2009, do 8 de febreiro de 2008 e do 19 de febreiro de 2007 polas que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Poderán realizarse pagamentos anticipados, nas subvencións de capital, que teñan un importe superior aos 18.000 euros, nos termos establecidos no artigo 63.1º.2 do Decreto 11/2007, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ata un 50% da subvención concedida, cando o investimento exixa pagamentos inmediatos, sen que se supere a anualidade prevista no exercicio. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada, por instancia da entidade solicitante, logo de xusti-

ficación da necesidade de contar con financiamento previo para realizar a actividade.

As entidades beneficiarias de subvencións afectadas por esta modificación, por seren entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, quedarán exoneradas de presentar garantías, conforme o artigo 65.4º h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### Artigo 2º

Adición dun novo parágrafo ao artigo 17 punto 2.2 da Orde do 23 de febreiro de 2009.

Ao final do punto 2.2 do artigo 17 da Orde do 23 de febreiro de 2009, que leva por título Subvencións de investimento, debe engadirse o seguinte parágrafo:

A documentación xustificativa dos gastos realizados, no caso das subvencións de investimento en centros e servizos para persoas con discapacidade, que teñan un importe superior a 18.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2009.05.41.312E.781.0, poderá presentarse ata o día 10 de decembro do ano 2009. Igualmente, os beneficiarios das subvencións de investimento de carácter plurianual, en centros de atención a persoas con discapacidade, concedidas ao abeiro das ordes de 19 de febreiro de 2007 e do 8 de febreiro de 2008, poderán presentar a documentación xustificativa dos gastos realizados, correspondentes á anualidade 2009, ata a data devandita.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela 17 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 16 de novembro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción, e se convocan no ano 2009.*

Orde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 38, do martes 24 de febreiro), pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección